

15/2019. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 31 DE XULLO DE 2019.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Mugaridos, sendo as nove horas e dous minutos do d3a trinta e un de xullo do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citaci3n 3 efecto, re3nese o Concello Pleno en sesi3n ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa-presidenta Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Iv3n Mart3nez Gonz3lez, Dna. Mar3a Dolores Gonz3lez Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. Jos3 3ngel Mart3nez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fern3ndez Fern3ndez, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Dna. Ana Mar3a Varela Bastida, D. Jos3 Miguel Mah3a Prados, Dna. Bego3a Rold3s Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tam3n a interventora municipal, Dna. Ana Mar3a G3mez Pe3a.

Act3a como secretario accidental o funcionario, D. Diego Seijo Alonso, en virtude do nomeamento efectuado por Resoluci3n do Director Xeral de Administraci3n Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e de acordo coa comunicaci3n efectuada 3 Direcci3n Xeral de Administraci3n Local da Xunta de Galicia en data 16.07.2019, ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resoluci3n da Alcald3a n3m. 794/2019, de 15.07.2019.

Aberta a sesi3n pola Presidencia, 3ntrase no estudo e discusi3n dos asuntos incluidos na orde do d3a, adopt3ndose os seguintes acordos:

1.- APROBACI3N DA ACTA DA SESI3N REALIZADA O D3A: 26.06.2019 (14/2019).

Sra. Alcaldesa: No primeiro punto da orde do d3a est3 a aprobaci3n da acta da sesi3n realizada o d3a 26.06.2019. ¿Algo entorno 3 acta?. A sometemos a votaci3n ent3n, votos a favor.

O Pleno da Corporaci3n, por unanimidade, acorda prestar a s3a aprobaci3n 3 acta da sesi3n que de seguido se relaciona:

- Acta da sesi3n extraordinaria realizada o d3a 26.06.2019 (14/2019).

2.- MODIFICACI3N ORZAMENTARIA 14/2019.

Sra. Alcaldesa: Pasar3amos ao segundo punto da orde do d3a que 3 modificaci3n orzamentaria 14/2019. Ven ditaminada pola comisi3n de facenda do d3a 11 de xullo de 2019, con tres votos a favor, Partido Socialista e Esquerda Unida-Son-En Com3n, e 3 abstenci3ns, Partido Popular e BNG. Abrimos un turno de palabras. E... Gemi.

Sr. Varela Filgueiras: Bueno, hola, bo d3a a todos e a todas. N3s simplemente dicir que hoxe no Pleno vamos a facer efectivo o voto que fixemos na comisi3n, que 3 o da abstenci3n.

Sra. Alcaldesa: E... Miguel.

Sr. Mahía Prados: Bos días a todas e a todos. Nós plantexamos na... na comisión esta... esta modificación é unha modificación para extraer 2.000 euros dunha partida de emerxencia social, da 231.4800. E nós presentamos unha proposta de cambiala e que se extraera os cartos doutra partida. Entendemos que a de Emerxencia Social é unha das últimas partidas que hai que tocar do orzamento municipal, cremos que hai outras partidas das que se podería haber retirado, tendo en conta que eran 2.000 euros, que non é unha contía exorbitada, e a nós non se tivo... a nosa proposta en conta, isto podería terse aprobado por unanimidade, non se quixo facer caso da nosa proposta, entón nós estamos a favor desta modificación pero o voto do grupo vai a ser a abstención, por non ter en conta a nosa proposta.

Sra. Alcaldesa: Abrimos un segundo turno. Vale, pois se ninguén quere intervir, antes de sometelo a votación explicar que o que hai é un cambio de gasto corrente a inversión dentro da mesma partida e que polo tanto non se detrae nada da partida de emerxencia social, segue sendo o mesmo compoñente, en vez de estar en gasto corrente está en inversión para permitir que os veciños e veciñas de Mugar dos poidan ter axudas de escolarización no capítulo de inversión. Dito isto entón o sometemos a votación, votos a favor, en contra e abstencións.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a aprobación do expediente de modificación orzamentaria nº. 14/2019, e o Concello Pleno, tendo en conta proposta formulada pola alcaldía en data 13.06.2019, o informe da interventora municipal de data 13.06.2019, obrantes no expediente, e o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 11.07.2019, por 7 votos a favor (4 EU-SON-EN COMÚN, 3 PSOE) e 6 abstencións (5 PP, 1 BNG), ACORDA:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 14/2019**, de crédito extraordinario, financiado con cargo a anulacións ou baixas de outras partidas, por importe de **2.000,00 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (partidas non dotadas no orzamento)

PROX.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FIN A QUE SE DESTINA O NOVO CRÉDITO	IMPORTE (Euros)	CAUSA DA SUA NECESIDADE
	231/78000	Convocatoria axudas ensino e transporte 2019-2020 (Investimentos)	2.000,00 €	Subvencionar gastos de investimento que se podan solicitar na citada convocatoria de axudas.

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 2.000 €

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

- A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de **0 €**.
- B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.
- C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de outras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións susceptibles de redución por importe de **2.000,00 €**.

Prox.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante (€)	Explicación da baixa na consignación
	231.48000	70.181,53	2.000,00	68.181,53	Non se vai a executar esta partida na súa totalidade para gasto corrente.

- D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

RESUMO	
Baixas por anulación	2.000,00 euros
IMPORTE TOTAL DA OPERACIÓN	2.000,00 euros

2º.- Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

3.- XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES). ANUALIDADE 2019.

Sra. Alcaldesa: Pasamos ao seguinte punto da orde do día, que sería xustificación do 50% inicial da achega da Deputación Provincial de A Coruña ao Concello de Mugardos para financiación do Grupo de Emerxencias Supramunicipal GES, anualidade 2019. Ven ditaminado tamén pola comisión de facenda realizada o día 11 de xullo de 2019, e ven aprobado por unanimidade. Abrimos un turno de palabras. Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, eu pedín unha aclaración na comisión que non se me dou, entón refago a pregunta aquí de novo. A... esta xustificación que ven, corresponde ao 50% da anualidade da Deputación... da Deputación... hai que facer tamén unha modificación orzamentaria para cambiar os micros... e a pregunta que fago é, esa anualidade do 55... do 50%, perdón, ¿Que corresponde?. A... ao cambio que había xa da... que se había acordado de que o mantemento do GES ía a ser cousa da Xunta e da Deputación, ou segue estando metido o Concello nese reparto da... do financiamento do... do servizo.

Sra. Alcaldesa: Bueno, como ben di a propia proposta que se levou á comisión de facenda, o que se propón é a adopción do acordo en función do requerimento da Deputación, que está baseado no convenio asinado por este Pleno, e aprobado por este Pleno do 27.12.2018, e que establecía as financiación. Ben, o sometemos a votación entón... votos a favor.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, e o Pleno da Corporación, tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía en data 27.06.2019, obrante no expediente, e o ditame da comisión informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 11.07.2019, por unanimidade, acorda:

1º. Ratificar o acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión realizada o 27.11.2018, polo que se manifestou a vontade do Concello de Mugardos de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Depuacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, segundo texto obrante no expediente, asumindo as obrigas e compromisos derivados da mesma e con suxección plena a todas elas.

2º.- Asumir as obrigas propios dos beneficiarios da subvección (artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia)

3º.- Asumir a obriga de presentar no seu momento ou cando así se lle requira, a seguinte documentación:

- Memoria de actuación
- Conta xustificativa con certificación de gastos e pagos.
- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade.
- Compromiso de dar difusión pública ao financiamento provincial.

4º.- Facultar á sra- Alcaldesa-Presidenta, Dna. María del Pilar Díaz Otero para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a execución do presente acordo.

4.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE APOIO Á REPRESENTACIÓN SOCIAL DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE NAVANTIA RÍA DE FERROL NA SÚA ESIXENCIA POR DOTAR DE CARGA DE TRABALLO A NAVANTIA.

Sra. Alcaldesa: Vale, pois pasaríamos ao seguinte punto, que é moción dos grupos municipais de apoio á representación social das traballadoras e traballadores de Navantia Ría de Ferrol, na súa esixencia por dotar carga de traballo a Navantia. Ben, tódolos grupos, se non me equivoco, asumimos, tra-la reunión da Xunta de Voceiros co Comité de Empresa de Navantia, a proposta de moción que traian, que é a esixencia de carga de traballo a... á contratación ou a adxudicación por parte do goberno central dun buque que substitúa ao Patiño para evitar os despedimentos na industria auxiliar que se producirían a partir deste verán, dado que o encargo das cinco fragatas non se pode empezar a cortar chapa ata dentro de dous anos. Abrimos un turno de palabras... BNG. Gemi.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno. Bos días outra vez a todos e a todas. Nós e... bueno, xa manifestamos, na xuntanza que tivemos os voceiros co Comité de Empresa, que... que íamos a apoiar e polo tanto tamén asumimos esta moción, pero o certo é que tamén dende o BNG vimos reclamando dende hai tempo o acceso real a todo tipo de construción, tanto construción militar coma construción civil, os bens de equipo, reparacións e demais, porque entendemos que ceñirnos única e exclusivamente ao nicho de construción naval militar pois é poñer un veto ás posibilidades que teñen os dous asteleiros da comarca; e isto demostrase simplemente que coa marcha do famoso flotel e co fraudulento contrato de PEMEX, pois o certo é que estes asteleiros quedaron... ficaron fora da... da construción naval civil. E pola contra, se nos fixamos na bahía de Cádiz, coa construción do primeiro dos catro petroleiros contratados para o Grupo Ibaizabal, o certo é que se alcanzaron picos de ocupación de preto de 3.000 persoas en Puerto Real, e isto demostra que... que isto é única e exclusivamente unha postura política, un problema de vontade política, e que aquí non sei porque, na Ría de Ferrol non se quere levar a cabo isto. E sería moi triste que agora tivéramos que aceptar a dicotomía de que ou aceptamos única e exclusivamente a construción naval militar ou morremos, porque esta é a arma que levan empregando tanto o Partido Popular como o Partido Socialista Obrero Español dende fai máis de 30 anos para levar a cabo un desmantelamento do sector naval na nosa comarca. E bueno, a proba é que o retraso que levou a cabo o goberno do Partido Popular para tratar de influír no equipamento das fragatas para darlle a posibilidade á empresa dun exministro. E isto o único que fixo pois foi crear unha deriva demográfica e unha deriva económica na... na nosa comarca. E por iso, como digo, reiteramos a demanda do acceso real a todo tipo de construción naval. E bueno, no tocante ás F100, demandamos tamén que se concrete o reparto da carga de traballo, no que corresponde aos asteleiros da Ría de Ferrol, así como da plantilla, tanto da principal como auxiliar, que ficará ocupada no periodo de execución deste proxecto. E pedimos ademais a taxa de reposición do 100% das baixas por prexubilación, incluídas as que se perderon nos anos en que non se levou a cabo esta taxa de reposición. Tampouco podemos esquecer a práctica política que está a levar a cabo a Xunta de Galicia, que non é outra que a de mirar para outro lado e a de exercer de palmeros cando no Estado está o goberno amigo, e de reclamantes cando está o Partido Socialista; pero o certo é que non ten unha iniciativa clara para apostar polo naval

como sector estratéxico. Iniciativas que creo que fundamentalmente deberían de concretarse en tres, que sería: o cumprimento estrito da Lei de Fomento do Sector Naval de Galicia; a de retomar a proposta do Centro Tecnolóxico para a modernización da industria comarcal, que está localizado en Ferrol; ou a de impulsar de maneira inmediata unha política de formación, dirixida fundamentalmente á empresa auxiliar, para facilitar a súa incorporación ao mercado de traballo e revertir así a situación de desemprego e deriva demográfica que está a padecer a nosa comarca.

Sra. Alcaldesa: Ben, abrimos un segundo turno de intervencións. Se non hai o sometemos a votación. Entendo que é a moción que se trae subscrita por todos ¿non?. Vale, pois entón o sometemos a votación, votos a favor.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada polos grupos municipais de apoio á representación social das traballadoras e traballadores de Navantía Ría de Ferrol na súa esixencia por dotar de carga de traballo a Navantía, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Apoio á moción presentada pola Representación Social das traballadoras e traballadores de Navantía Ría de Ferrol.

2.- Tendo en conta as coñecidas necesidades da Armada Española, a nosa esixencia pasa por dotar de carga de traballo a Navantía, mediante a contratación dun Buque de Aprovisionamento en Combate (BAC), dado que contamos coa enxeñería xa desenvolta e iso permitiría cubrir a falta de ocupación dos anos 2020/2021.

3.- Dende esta Corporación, instar o Goberno do Estado, Xunta de Galicia e á Dirección de Navantía para que leven a cabo todas as xestións precisas para a concreción destas contratacións no prazo máis breve posible. E ao mesmo tempo, solicitamos aos partidos políticos representados neste Concello o seu apoio e compromiso as propostas contempladas nesta moción.

5.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 588/2019: DELEGACIÓN EN CONCELLEIRO PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL O DÍA 25.05.2019.

Sra. Alcaldesa: Pasaríamos ao seguinte punto que é dar conta da resolución da alcaldía número 588/2019, delegación en concelleiro para celebración de matrimonio civil o día 25.05.2019.

O Pleno da Corporación dase por informado da resolución da alcaldía que de seguido se relaciona:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 588/2019, de 23.05.2019**, sobre delegación para celebración de matrimonio civil o día 25.05.2019.

6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS.:

-756/2019, SOBRE NOMEAMENTO DOS/AS PRESIDENTES/AS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

-760/2019: DETERMINACIÓN DE CONCELEIRAS/OS QUE REALIZAN AS SÚAS FUNCIÓNS EN RÉXIME DE ADICACIÓN EXCLUSIVA.

-763/2019: FIXACIÓN DOS DÍAS E HORAS DE CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Sra. Alcaldesa: O sexto punto, que sería dar conta das resolucións da alcaldía número 756/2019, sobre nomeamento dos presidentes/presidentas das comisións informativas permanentes. A 760/2019, determinación de concelleiros e concelleiras que realizan as súas funcións en réxime de adicación exclusiva. E a 763/2019, que sería a fixación dos días e horas da celebración das sesións ordinarias das comisións informativas permanentes.

O Pleno da Corporación dase por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 756/2019, de 02.07.2019**, sobre nomeamento das/os presidentas/es das comisións informativas permanentes.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 760/2019, de 02.07.2019**, sobre determinación de concelleiros/as que realizarán as súas funcións en réxime de adicación exclusiva.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 763/2019, de 02.07.2019**, sobre fixación dos días e horas de celebración das sesións ordinarias das comisións informativas permanentes.

7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS: NÚMS. 744/2019, 748/2019, 773/2019 E 793/2019.

Sra. Alcaldesa: E o punto número sete, que sería dar conta das resolucións da alcaldía sobre avocación de competencias, as números 744/2019, 748/2019, 773/2019 e 793/2019.

O Pleno da Corporación dase por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 744/2019, de 27.06.2019**, sobre avocación de competencias pola Alcaldía, adxudicación de actuacións musicais durante as festas do verán 2019.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 748/2019, de 28.06.2019**, sobre avocación de competencias pola Alcaldía, prórroga do contrato de “Mantemento integral do alumado público municipal do Concello de Mugaros”: 2ª prórroga. Expte. 2015/C004/000004.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 773/2019, de 04.07.2019**, sobre avocación de competencias pola Alcaldía, outorgamento subvención e convenio Club do Mar.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 793/2019, de 12.07.2019**, sobre avocación de competencias pola Alcaldía, adxudicación de actuacións musicais e servizos durante as festas do verán 2019.

8.- DAR CONTA DA ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS/AS ÁS RESPECTIVAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Sra. Alcaldesa: O oitavo sería dar conta da adscripción de concelleiros e concelleiras ás respectivas comisións informativas.

O Pleno da Corporación dáse por informado da adscripción de vocais realizada polos grupos municipais ás Comisións Informativas e Comisión Especial de Contas que quedan integradas tal e como figuran no expediente.

9.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM. 447/2019 Á 817/2019, AMBAS INCLUSIVE.

Sra. Alcaldesa: E o noveno dar conta das resolucións ditadas pola alcaldía dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións núm. 447/2019 á 817/2019, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núms. 447/2019 á 817/2019, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

Sra. Alcaldesa: Antes... ah... si, Begoña.

Sra. Roldós Iglesias (que traducido di): Bo día a todos e a todas. A resolución da alcaldía da 447 á 817, hai cinco resolucións que son sancións... procedementos sancionadores do comedor e gustárame que fosen á comisión pertinente.

Sra. Alcaldesa: E... Miguel. Hai, Ana, perdón.

Sra. Varela Bastida (que traducido di): Igual este... ¿escóitase?. Si.

Sra. Alcaldesa: Si.

Sra. Varela Bastida (que traducido di): Vale. Eu da.. quería que a solicitude do Plan Concertado do 2019 fose a comisión de benestar, que sería o decreto 516/2019.

Sra. Alcaldesa: E... Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, eu solicito que vaia a comisión de facenda, descoñezo si se pode facer ou non, pero bueno, chamoume a atención nesta... son 400 resolucións as que veñen, e hai... bueno, non sei si é unha persoa que... ao nome de... que ten unha empresa, pode mandar facturas ao seu nome e ao nome da empresa, e... supoño para non chegar ao límite dos 13.000 euros ou 15.000 euros que establece a lexislación de contratación menor. Entón rogaría bueno, que a denominación social desta empresa é Alberto González Calvo, e fíxen unha pregunta tamén en comisión que era que servizos viña prestando PHI Systems, entón pois rogaría que este punto se... simplemente de aclaración, non pido nin documentación nin nada, que se aclare si se pode ou non se pode presentar as facturas desta forma. E logo nada, simplemente tamén chamame a atención que de 400 resolucións soamente haxa cinco de pago de facturas. Entón quería... bueno, si se me pode explicar o motivo aquí ben, senón esperarei tamén á comisión... si, si.

Sra. Alcaldesa: Vale. Antes de pasar a rogos e preguntas... si, si, pasará a comisión... porque a pediu Juan Domingo.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

Sra. Alcaldesa: Antes de pasar a rogos e preguntas se algún grupo municipal ten algunha moción pola vía da urxencia. E... Juan Domingo.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): E... imos ver. Nós xa formuláramos, tal e como regulamentariamente estipula o noso regulamento municipal, a presenza... a presentación de dúas mocións para o Pleno Ordinario. O certo é que o regulamento que temos, e sobre o que todos debemos de basearnos, porque son as regras que nos impuxemos todos, independentemente de que nós non apoiásemos ese regulamento no seu momento, son que non hai un prazo legalmente establecido para a presentación de mocións máis aló do propio día de presentación desa Xunta de Voceiros onde se presentan cada unha das mocións dos grupos. E tal foi así que moitos grupos durante todo este tempo presentaron mocións no mesmo momento da Xunta de Voceiros, no seu día. Que non digo que é mellor ou peor, simplemente digo que son as regras que vostedes puxeron no seu momento, que seguramente serán moi mellorables. En todo caso son as regras que hai que respectar, e o certo é que non se respectaron. E o Partido Popular presentara dúas mocións en prazo e non se respectaron, e aínda encima hoxe e... presentouse a moción de Navantia, que apoiamos, loxicamente, pero que se presentou con posterioridade incluso á presentación das do Partido Popular. Polo tanto non podemos entender que o regulamento se estire a conveniencia de quen o quere facer, e polo tanto ningún goberno

ten lexitimidade para escoller os contidos dos grupos municipais nos plenos, só faltaba isto. Pode un estar de acordo ou non estalo pero non se pode, en todo caso, vulnerar o regulamento dun xeito deliberado. Polo tanto o que solicitamos é dado que se vulneraron os nosos dereitos pois que... pedir aos grupos municipais que deixen a presentación por esta urxencia, por esta... estas dúas mocións que deberían de ter entrado de xeito ordinario no Pleno, e que se vulnerarían os nosos dereitos, en todo caso, de non facelo.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Ben, antes de dar paso ás intervencións e a que poida volver a intervir o voceiro do Partido Popular para xustificar a urxencia das dúas mocións, gustaríanos ler o artigo 106 do Regulamento ao que alude, que di exactamente, a convocatoria deberá incluír a orde do día e a documentación deberá estar a disposición dos membros da Xunta de Portavoces dende o momento da súa convocatoria. O artigo 106 complementa ao artigo 58, e non é exclusivo, tódolos artigos forman parte do mesmo regulamento. De todas formas ten unha nova oportunidade para poder xustificar a urxencia, que é o que corresponde neste punto, que son mocións pola vía da urxencia, xustificando a urxencia para que... os seguintes... non, era unha cuestión procedimental. Se non quere tomar a palabra o sometemos a votación entón, a urxencia. As mocións presentadas, porque as ten que pasar... están aquí, ¿estas dúas son non?. Por favor, voceiro do PP, moción para o uso do Cine Zárate. Sométese entón a votación a urxencia, a proposta da urxencia.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Non sei a que 106 alude vostede, porque eu leo o 106 e non é o mesmo artigo que o que vostede...

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Pois xa llo ensinará o secretario, tendo en conta que ademais na Xunta de Voceiros quedou pendente de informe do secretario. En todo caso sometemos a vía da urxencia. A imos a someter á vía da urxencia como propón o Partido Popular.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Pero non rematei aínda a exposición.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Pero non dixera que si... é para xustificar a urxencia.

Sr. De Deus Fonticoba: Si.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Non para debater regulamentariamente.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Non, estou xustificando a urxencia.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Pois ten vostede o segundo turno.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Tamén me vai a dicir vostede o que teño que dicir eu.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Non, ten vostede o segundo turno para xustificar a urxencia.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Bueno, pois xustificarei o que considere axeitado, vale. Ben, a urxencia ven determinada polo propio regulamento, que vostede le cando quere e sáltase os parágrafos que lle interesan, señora Díaz. Si, ría, ría. O artigo 106, o Alcalde ou Alcaldesa con ao menos 48 horas de antelación convocará aos membros da Xunta de Portavoces a iniciativa propia sempre que o soliciten dous grupos municipais ou a terceira parte dos concelleiros para tratar asuntos atribuídos polo presente regulamento. En todo caso se reunirá con carácter previo á celebración de cada sesión plenaria ordinaria e a convocatoria deberá de incluír a orde do día e a documentación deberá de estar a disposición dos membros da Xunta de Portavoces dende o momento da súa convocatoria. No caso de convocatoria a solicitude de dous grupos municipais ou da terceira parte dos concelleiros a celebración non poderá demorarse máis de tres días hábiles. E a pregunta é, a de Navantia estaba na carpeta da comisión pertinente no momento da documentación, non, pero está no Pleno de hoxe.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): A de Navantia puido ser asumida pola Alcaldesa e preferiu que a asumisen tódolos grupos municipais. Como sabe vostede a orde do día correspóndelle á Alcaldesa. En todo caso sometémolo a votación.

A- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA O USO DO CINE ZÁRATE.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Proposta... moción para o uso do Cine Zárate do Grupo Municipal do Partido Popular pola vía da urxencia. Votos a favor, en contra, abstencións.

Sometida a votación da declaración de urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Por 5 votos a favor (5 PP), 7 votos en contra (4 EU-SON-EN COMÚN, 3 PSOE) e unha abstención (1 BNG), rexeitar a declaración de urxencia do asunto “**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA O USO DO CINE ZÁRATE**”.

B- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A MELLORA DA FACHADA MARÍTIMA DE MUGARDOS.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): A segunda sería, e esta ¿non?, moción sobre a mellora da fachada marítima de Mugar dos, presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, votos a favor, en contra e abstencións.

E logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da declaración de urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Por 5 votos a favor (5 PP), 7 votos en contra (4 EU-SON-EN COMÚN, 3 PSOE) e unha abstención (1 BNG), rexeitar a declaración de urxencia do asunto “**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL**”.

DO PARTIDO POPULAR SOBRE A MELLORA DA FACHADA MARÍTIMA DE MUGARDOS”.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Entramos en rogos e preguntas. Ten a palabra Juan Domingo. Ah... perdoa Gemi. Voceiro do BNG.

Sr. Varela Filgueiras: Eu teño un par de rogos. Bueno, fundamentalmente o meu rogo é, dirixido a quen corresponda, supoño que neste caso será a... ao concelleiro de obras e servizos, e a ver si é posible, e o vou a pedir agora porque agora xa practicamente non vivo alí, é si é posible nas Casas Baratas cambiar o contenedor do lixo, porque está roto e non ten tapa e entón aquilo empeza a ser un caos de gaiivotas e de gatos e entón bueno, a xente está alí a queixarse. E despois tamén si é posible, non sei, facer unha campaña de desratización, porque parece ser que por Mugardos a día de hoxe, sobre todo alí na zona das Casas Baratas, Contramestre Casado, pois empeza a haber e... moitas ratas. E bueno, fundamentalmente tamén, un que xa é repetitivo dende hai uns anos para aquí, que é o das vallas, a ver si se me aclara dunha vez, que o das vallas... alí creo que xa é Alexandre Bóveda, e o dos cascallos que hai en Contramestre Casado si os vamos a ser capaces de retirar algún día.

Sra. Alcaldesa: Ben, pois unha vez que se produce o rogo pasaríamos ás preguntas. Ten a palabra Juan Domingo de Deus.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Bueno, dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita, todas para a señora Alcaldesa. A primeira é ¿cal é o motivo de non ter nomeado as delegacións das áreas de goberno?. E a segunda é, ¿cales son os plans do conxunto do seu goberno para o Cine Zárate?. E de resposta escrita, á Alcaldesa tamén, ¿cal é o motivo de que se reunise coa hostalería e non invitase a esa reunión ao seu socio de goberno?. E ¿cales foron os gastos totais das festas deste ano?.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Ben, en canto á primeira pregunta, estanse a concretar. E en canto á segunda, estamos a expensas, creo que como vostedes ben saben, de que chegue o informe de Patrimonio en resposta á memoria enviada en abril deste mesmo ano.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Si, unha repregunta respecto á primeira pregunta. ¿Se están a concretar as delegacións que tiñan asinadas xa?. ¿Aínda están concretando vostedes o que xa asinaran?. ¿Esa é a pregunta que me dixo vostede?.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Pódese responder vostede mesmo.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Non, é que eu... si me respondese a min mesmo xa me facía a pregunta só, grazas, pregúntolle a vostede.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Pois ten a mesma resposta, concretando.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Ah... está concretando, moi ben. +

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Ten a palabra, por orde de entrada no rexistro Ana Varela.

Sra. Varela Bastida (que traducido di): Vale, eu teño dúas de resposta oral e dúas de resposta escrita. A de resposta oral e, ao Presidente da Comisión de Facenda, a Ignacio Fernández, ou a quen corresponda, porque non está moi claro, ¿canto paga o Concello de Mugardos por actuación da Coral... á Coral Estelas do Mar e a Rondalla Mugardesa?. E ao Presidente da Comisión de Servizos, José Ángel Martínez Bardanca, ou a quen corresponda, ¿en que documento prohibe Portos colocar as atraccións no Cantón de Cora tal e como dixo a concelleira Dolores González en Comisión?.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Vas a lelas...

Sra. Varela Bastida (que traducido di): As escritas. Bueno, pois á Alcadesa de Mugardos, Pilar Díaz Otero, ¿que competencias ten cada comisión e cales son as competencias delegadas que teñen os presidentes das mesmas?. E á concelleira de Cultura, Dolores González ou a quen corresponda, ¿teñen previsto dotar aos veciños de Franza dun local social despois de perder a Cámara Agraria?.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Ten a palabra o presidente da comisión de facenda.

Sr. Fernández Fernández (que traducido di): Bo día a todos e a todas. O Concello pagou pola actuación Coral Estela do Mar e da Rondalla Mugardesa, 900 euros á Coral Estela do Mar e 700 euros á Coral Rondalla Mugardesa.

Sra. Alcaldesa: Ten a palabra o presidente da comisión de servizos.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Hola, bos días. Na pregunta que me formulas, pregúntasme si, e... o que di a concelleira Dolores González nunha comisión á que eu non asistín. Non o sei, eu coñezo cal é o regulamento que regula o uso de portos, da zona de portos, pero a verdade pois non... non te poido contestar por boca doutra persoa.

Sra. Varela Bastida (que traducido di): Bueno, pero hai algún documento no que se solicite isto e en que Portos o prohiba, saberao Dolores que foi a que... Dolores González que foi a que contestou.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Pasamos entón a Jorge Manuel Kuntz Peiteado. É o seguinte por orde de rexistro.

Sr. Kuntz Peiteado (que traducido di): Bos días. Eu teño dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita. As de resposta oral son ao Presidente da Comisión de Servizos, José Ángel Bardanca ou a quen corresponda, ¿que a que se deben os numerosos cortes de luz que hai por todo o concello?. E a segunda é á Presidenta da Comisión de Cultura, Dolores

González, ou a quen corresponda a área de TIC's, ¿que se ten previsto solicitar a subvención do plan Banda larga para a mellora do servizo de internet de cara a que no ano 2020 o 80% dos habitantes de Mugardos teñan unha velocidade mínima de 30 megas na súa rede de internet?.

Sra. Alcaldesa: E... José Ángel.

Sr. Kuntz Peiteado (que traducido di): Perdón, si perdón. E dous de resposta escrita, son dúas á Alcaldesa, ¿ten previsto retirar as árbores da Avenida Bello Piñeiro e acondicionar a avenida tal e como se anunciaba en periodo electoral por O Seixo?. ¿E como ten pensado dar solución aos afundimentos de terra que hai na rúa de As Barcias?.

Sra. Alcaldesa: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Moi ben. Pois en canto ao alumeado público, evidentemente prodúcense moitos cortes en principio polo estado do alumeado en xeral, isto claro, é unha cuestión que nós pois levamos un mes con este tema; entendemos que se vai a comezar agora pois co programa de axudas ao alumeado exterior municipal dos Fondos Feder, e que bueno, que iso pois axudará a que se eviten avarías ¿non?, nese sentido. E logo, pois entendemos que hai que dotar de orzamento e continuar coas reparacións e coa renovación do alumeado en todo o pobo. Aparte doutros feitos como poden ser as avarías puntuais, temporais, etc... o roubo de liña... e cousas deste tipo que si que están acontecendo. Pero en principio bueno, creo que o principal é a renovación das instalacións.

Sra. Alcaldesa: Dolores González.

Sra. González Lorenzo (que traducido di): Quería que me aclarase a que tipo de... a que subvención se refire.

Sr. Kuntz Peiteado (que traducido di): Aproximadamente tódolos anos sobre estas datas tanto a Xunta como fondos europeos sacan un plan que lle chaman plan de banda larga, para dotar de novas infraestruturas ao que lle chaman zonas brancas, que son zonas que se considera que non teñen a cobertura de rede axeitada, ou as antigas, que son de internet rural, non me acordo agora como lle chamaban. Son plans que se sacan máis ou menos.

Sra. Alcaldesa: Si.

Sra. González Lorenzo (que traducido di): Ben, a única subvención... disto se deu conta en comisión xa ¿eh?, a única subvención activa agora mesmo na Xunta de Galicia ven de novembro de 2018, dunha subvención para autónomos do plan de banda larga. Agora mesmo, e que vai a través da AMTEGA, é a do Feader esa subvención. A da Xunta con Telefónica, o plan de banda larga 2020, e iso tamén se deu conta en comisión, ten xa a zona de Rilo cableada para esa velocidade, faltáballe a alimentación de rede. No do Estado, non no do AMTEGA, o banda larga de nova xeración do Estado está facendo o despregamento, telefónica tamén, por Franza, O Seixo, A Pedreira, e A Gallada de Piñeiro, que o teñen previsto ter rematado no 2019, e no 2020 Camiño Grande. E con R están a facer a zona do Baño. A subvención que se publicou

en novembro, mandóuselle a autónomos e empresas, que era para quen estaba dirixida esa subvención.

Sra. Alcaldesa: Begoña.

Sra. Roldós Iglesias (que traducido di): Si, bo día outra vez. Eu teño dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita. A primeira de resposta oral é ao Presidente da Comisión de Obras, José Ángel Martínez Bardanca ou a quen corresponda, despois de publicar na prensa as “melloras” realizadas na praia da Bestarruza, ¿para cando teñen pensado comezar os trámites para dotala de máis area?. E a segunda, ao voceiro de Esquerda Unida, Iván Martínez, ou a quen corresponda, ¿cal é a súa función dentro do goberno municipal?. De resposta escrita, a primeira é ao Presidente da Comisión de Obras, José Ángel Martínez Bardanca ou a quen corresponda, ao edificio de Contramestre Casado se lle seguen a caer partes da fachada co conseguinte perigo para as persoas que transitan por alí, o último incidente sen ir máis lonxe tivo lugar o pasado 27 de xullo deste ano, ou sexa o sábado, ¿teñen previsto tomar algunha medida para garantir a seguridade dos viandantes?. E a segunda é ao Presidente da Comisión de Benestar, Genaro Prieto ou a quen corresponda, ¿se ten previsto recuperar as xornadas sobre Violencia de Xénero que o seu propio grupo de goberno eliminou?.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Ten a palabra o Presidente da Comisión de Obras.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): A contestación da pregunta de dotar á praia de máis area.... claro, nós... esta pregunta presentádela o día 29 deste mes, estamos a día 31, levamos un mes no goberno. Dotar á praia de máis area entendo que será unha xestión bastante complicada, deberíades de sabelo vós e as anteriores corporacións, xa que había previsto, segundo nós coñecemos pola prensa, dúas sendas peonís, ou unha que despois se retomou, que ían sobre a praia e que ían a modificar a fachada litoral, non sei si algunha incluía unha ampliación do areal; a ampliación do areal, evidentemente, ten que ser... non é unha cuestión municipal, haberá que solicitalo, entendemos que xa houbo algunha solicitude anterior, tal vez poderíadelo concretar mellor vós que nós. E nun futuro, neste ano evidentemente non temos previsto que se poida incorporar máis area ao areal, si que para vindeiras tempadas si que temos previsto facelo.

Sra. Alcaldesa: Begoña.

Sra. Roldós Iglesias (que traducido di): E... imos ver. Nós xa non é a primeira vez que formulamos esta cuestión ¿eh?, dígocho porque sodes novos, pero non é a primeira vez que o formulamos, de tódolos xeitos, evidentemente, non sería para este verán, pero si que me gustaría saber se tedes pensado comezar eses trámites porque ti, persoalmente, sabes como está o areal, e gustaríame saber si tedes pensado facer algo ao respecto.

Sra. Alcaldesa: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Si, pois si temos pensado, evidentemente, facer algo ao respecto. Grazas.

Sra. Alcaldesa: Iván.

Sr. Martínez González (que traducido di): Bos días. Pois e... isto é decisión do goberno, e as que considere oportunas en cada momento.

Sra. Roldós Iglesias (que traducido di): E... si, pero gustaríame saber cales son as que considera oportunas, porque xa estamos a máis dun mes da corporación constituída, gustaríame saber cales son esas funcións.

Sr. Martínez González (que traducido di): A min gustaríame que antes se preguntase vostede cales son as súas, as do seu grupo, e que valoración fai de que o seu voceiro pois non figure en ningunha das comisións e que asistise unicamente a unha das xuntas de voceiros.

Sra. Roldós Iglesias (que traducido di): Si, pero as preguntas fágoas eu e vostede ten que contestarme.

Sra. Alcaldesa: Miguel Mahía.

Sr. Mahía Prados (que traducido di): Bueno... si se me escoita... aí... agora, creo que xa tamén están a sabotear o micro para que non poida falar tanto ¿eh?, Pilar.

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Que pasou, non me enterei.

Sr. Mahía Prados (que traducido di): Teño varios... teño varios rogos e... e catro preguntas. Vou ler primeiro tódalas preguntas do tirón e logo vou a facer os rogos, si lle parece ben. Bueno, as preguntas de resposta oral son ao Presidente da Comisión de Igualdade, Genaro Prieto ou a quen corresponda, ¿cal é o motivo polo cal o Concello de Mugardos non realizou ningún acto co día... co gallo do do 24 de xuño?. E a segunda, ao membro do goberno Marta Ruíz del Ganso ou a quen corresponda ¿cal é a súa función dentro do goberno municipal?. De resposta escrita, ao Presidente da Comisión de Facenda, Ignacio Fernández ou a quen corresponda, ¿cal é o motivo polo cal existen impagos a Correos e á Comunidade de Propietarios de O Cristo?. E ao portavoz do Partido Socialista Obrero Español, José Ángel Martínez Bardanca, ¿cando lle esixirá á Alcaldesa de Mugardos que abone os 2.000 euros que tivo que pagar o Concello pola vulneración dos dereitos dos traballadores?. Como rogos teños varios, un é... bueno, dirixido á Alcaldesa, eu presentei un escrito ao concelleiro de persoal e rogaría que me respondera o concelleiro de persoal, non a Alcaldesa, e hai un escrito meu do día 22 de xullo no cal a Lei Reguladora de Facendas Locais no artigo 218, di que ten que vir a dar conta de punto do Pleno os informes sobre resolución de discrepancias por parte do órgano interventor e non ven no Pleno, é información á que temos acceso os concelleiros e que ten que darse conta á corporación. Referente ao tema das mocións que se falou antes ¿non?, teño aquí apuntado, bueno, unha delas era unha moción do Zárate que nós pensamos que non se quería debater esa moción porque o día...

Sra. Alcaldesa (que traducido di): Por favor, concrete os rogos.

Sr. Mahía Prados: O rogo... é que teño que explicalo, porque hai un informe, de que ven... referente a esa moción, que encargou vostede, para dicir que non se pode facer un auditorio, que o fai unha persoa que ten un contrato....

Sra. Alcaldesa: Pero... ¿cal é o rogo?. Por favor.

Sr. Mahía Prados: ¿O rogo?.

Sra. Alcaldesa: Ten tres minutos.

Sr. Mahía Prados: Si, si, son tres minutos, por iso tranquila, os teño cronometrados, que teño o móbil posto ¿eh?. E... nese, nese sentido a persoa que fixo ese informe ten un contrato pola elaboración... levar a cabo a Oficina de Rehabilitación Municipal, entón rogaría que cando se pidan os informes se mire ben como se está funcionando o tema dos contratos deste Concello, porque non sei ata que punto unha persoa que ten un contrato nesta administración pode cobrar por informes por outro lado. E logo e... tamén rogaría que aclarara unha dieta que ten vostede, na Resolución 583, dunha visita a Portos de Galicia o día 28 de marzo, cando vostede dixo que Portos nunca a recibiu a vostede. Entón, rogaríalle por favor que se esta dieta está mal pasada devólvaa, e se está ben pasada aclare porque di que nunca se reuniu con Portos cando si que o fixo. E agora agardo a...

Sra. Alcaldesa: Si, pero antes de que lle contesten non vou a pasar por alto os rogos.

Sr. Mahía Prados: Si, si, si, perfecto, paréceme ben.

Sra. Alcaldesa: Moi ben. En canto á reunión que cita vostede en Portos de Galicia, esa reunión se celebrou en Portos de Galicia, non co Presidente de Portos de Galicia, que non nos recibiu nunca, senón co seu Secretario Xeral, Ignacio Villar, e a Alcaldesa foi acompañada dun técnico. E en canto ao tema do informe do Zárate, o digo tamén para... para aclarar, porque se está falando de dobre pago, o arquitecto que firmou o informe é o director das obras de consolidación do Cine Zárate, proxecto que ten adxudicado de forma legal e polo trámite ordinario. E a partir de aí Genaro pode responder ás preguntas.

Sr. Prieto Iglesias: O 29 de 2019.

Sr. Mahía Prados: 28.

Sr. Prieto Iglesias: Bueno home, fágase o 28 ou fágase o 29, ou fágase o 27.

Sra. Alcaldesa: Bueno, se acabou. Juan Domingo, por favor, primeiro aviso. Levántase o Pleno.

E sendo as nove horas e trinta e oito minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario Accidental, dou fe.

Vº e prace
A ALCALDESA